



# A ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA "ROSALÍA DE CASTRO" DE CORNELLÀ (BARCELONA) CONVÓCA O CERTAME POESÍA DO ANO 2020

## BAIXO AS SEGUINTES BASES:

### XXXIV CERTAME DE POESÍA EN LINGUA GALEGA "ROSALÍA DE CASTRO"

#### BASES

1.- O poema estará escrito en lingua galega e terá un mínimo de TRINTA e un máximo de CEN versos. Admitiranse conxuntos de poemas con temática común, sempre que non excedan dos CEN versos.

2.- Os traballos poden enviarse do seguinte xeito:

**A)** Por correo ordinario ao enderezo da Entidade: rúa/Federico Soler, nº 71. 08940 – Cornellà de Llobregat (BCN). Non se poderá identificar ao autor, polo que o sobre non terá remite. Dentro noutro sobre pechado figurará o título do poema e no interior os datos do autor: nome, apelidos, DNI, tfono., e correo electrónico. Os premiados deberán facilitar os traballos en soporte informático tipo documento Word á organización.

**B)** Enviando un Pendrive nun sobre sen identificar coas mesmas premisas que o anterior.

3.- Haberá que enviar CINCO copias dos poemas antes do día 15 de OUTUBRO do 2020. Quedan exentos das cinco copias, os poemas enviados por Pendrive.

4.- Non se considerarán partícipes máis de dúas aportacións por autor. É dicir, tan só se admitirán dous poemas por autor, de tal xeito que será premiado un só poema por autor ou participante.

5.- A **Asociación C.G.Rosalía de Castro** nomeará ao Xurado entre personalidades relevantes da creación e da crítica literaria.

6.- Os premios consistirán:

**1º Premio 1.000 €      2º Premio 250 €      3º Premio 150 €**

7.- O veredicto dos Premios darase a coñecer no transcurso das Xornadas Culturais que a **A.C.G.Rosalía de Castro** celebra no finais do Outono do 2020.

8.- O feito de concursar supón acepta-las Bases do Certame, así como as resolucións do Xurado. Non se devolverán os orixinais presentados.

9.- A Entidade resérvase o dereito de publicación e tradución dos orixinais gañadores no formato e medio que estime oportunos, sen límite de exemplares e de edición, permitíndolle aos autores calquera outra posible edición posterior, baixo acordo e comunicación coa Entidade, facendo citación expresa da Entidade e do Certame.